

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO PLAN DE APOIO ÁS ENTIDADES MUSICAIS LOCAIS. ANUALIDADE 2026

O Instituto Municipal Coruña Espectáculos (IMCE) ten entre o seu obxecto, entre outros, contribuír á defensa e divulgación dos valores socio-culturais da cidade, potenciar o desenvolvemento das actividades culturais no seu conxunto e levar a cabo e xestionar os programas do Concello da Coruña que teñan relación coas actividades culturais públicas de interese para a cidade relacionadas co mundo do espectáculo e as festas.

A cultura tradicional, así como outras expresións musicais asentadas na nosa cidade e habitualmente excluídas dos itinerarios de exhibición do contorno musical, son necesarias para manter a tradición musical e forman parte da cultura popular arraigada na cidade.

A cidade da Coruña conta cun nutrido número de entidades musicais locais que axudan activamente á dinamización da programación cultural.

Co obxecto de facilitar a organización e planificación cultural do IMCE, este organismo publica a presente convocatoria de apoio á nosa cultura máis tradicional e enraizada.

1. OBXECTO E FINALIDADE DA CONVOCATORIA

É obxecto do presente texto a regulación da convocatoria pública dirixida ás entidades musicais locais, constituídas legalmente e radicadas na cidade da Coruña, para a súa promoción a través da súa actividade artística e escénica.

Mediante este Plan, o IMCE pretende coñecer a oferta musical das diferentes entidades musicais locais para o ano 2026 e seleccionar os mellores proxectos entre todos os que se presenten.

Enténdese por entidades musicais locais as asociacións musicais e/ou culturais sen ánimo de lucro que desenvolven a súa actividade cultural na nosa cidade con estabilidade e que teñen nela un grao de implementación social representativo e con especial atención á música e ao baile tradicional galego, como eixe central do Plan.

Non serán aceptadas entidades que realicen actividades que non se orienten á cidadanía en xeral.

Ademais, as actuacións terán que ser realizadas en locais ou espazos públicos accesibles e terán que ser obrigatoriamente difundidas (en calquera soporte dirixido á poboación en xeral) nunha das dúas linguas oficiais, preferentemente en galego.

Do mesmo xeito, deberán garantir un uso non sexista da linguaxe e da imaxe.

As entidades deberán devolver á cidadanía o froito do seu traballo artístico (en forma de actuacións musicais) sendo consensuado este co IMCE.

As actuacións seleccionadas integraranse na programación do IMCE nas datas e lugares que se indicarán por este organismo con suficiente antelación.

Contémplanse dúas liñas de actuación:

1. Agrupacións de música tradicional
2. Corais

2. ENTIDADES PARTICIPANTES

Serán incluídas nesta convocatoria entidades culturais musicais que teñan o seu domicilio na cidade da Coruña, e que se encontren legalmente constituídas e rexistradas no REMAC (Rexistro Municipal de Asociacións da Coruña), na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

O ámbito de actuación das entidades participantes presentadas será o termo municipal da Coruña.

3. PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

O prazo para a presentación das solicitudes será de **QUINCE (15) DÍAS NATURAIS** que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria

na páxina web de Cultura (www.coruna.gal/cultura). No caso de presentación telemática da solicitude, o prazo remata o último día ás 23:59 horas.

As solicitudes presentadas fóra de prazo non se terán en conta para resolver a convocatoria. Non obstante, poderán ser tidas en conta no caso de que queden espazos dispoñibles ao longo do ano.

As solicitudes presentaranse, de acordo ao modelo que se adxunta, preferentemente de forma telemática a través da sede electrónica municipal (<https://sede.coruna.gal/sede/gl>). No proceso de rexistro se indicará que se trata dunha solicitude para participar no plan de apoio ás entidades musicais locais e que o destinatario é o IMCE. Deberase aportar, como documentación adicional, o NIF da entidade.

Admitiranse tamén solicitudes presenciais no Rexistro administrativo do IMCE, situado na avda. Marina, núm. 18, 15003 A Coruña (teléfono 981 18 42 33).

4. INFORMACIÓN PÚBLICA E PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

Logo de finalizar o prazo de presentación das solicitudes, publicarase na páxina web de Cultura unha listaxe cos datos extraídos das mesmas e abrirase un prazo de **5 días naturais** para formular alegacións.

No mesmo prazo, en caso de dúbida ou necesidade de emenda da documentación presentada, o IMCE poderá requirirille ás entidades solicitantes que emenden a documentación.

Transcorrido o prazo de 5 días naturais, que se contará a partir da publicación da listaxe, non se poderán realizar alegacións nin emendas ás solicitudes presentadas.

5. VALORACIÓN DAS PROPOSTAS

5.1 Comisión de Valoración

Os proxectos presentados serán avaliados por una Comisión de Valoración composta polo presidente delegado do IMCE e as persoas a quen designe como apio na valoración.

5.2 Criterios de valoración

A Comisión valorará en conxunto o proxecto presentado: orixinalidade, calidade, número de compoñentes, vestiario, instrumentación, posta en escena, a traxectoria da entidade ao longo do tempo, o número de actividades de formación musical ou de baile que desenvolva a entidade (non se inclúen actividades formativas doutra índole) e o número de actividades extraordinarias desenvoltas no ano 2025 (concertos, presentacións, obradoiros, foliadas, etc.), que se realizen fóra do plan de apoio ás entidades musicais locais do IMCE do ano 2025.

A Comisión valorará especialmente:

- A actividade regular semanal da entidade vinculada á formación e dinamización da música e do baile (número de clases semanais, continuidade ao longo do ano, número de persoas participantes).
- O número de actividades extraordinarias realizadas.
- A capacidade da entidade para xerar tecido cultural estable arredor da música e do baile tradicional.

Os proxectos presentados obterán de 0 a 10 puntos e terán que ter un mínimo de 5 puntos para optar ao Plan de apoio ás entidades musicais locais.

6. RESOLUCIÓN

Logo de observar a valoración da Comisión, formularase unha proposta de resolución que se elevará á Presidencia do IMCE e que conterá as diferentes contratacións propostas entre os proxectos presentados.

As ditas contratacións formarán parte dos espectáculos programados dentro do Plan de apoio ás entidades musicais locais do ano 2026.

A resolución publicarase na páxina www.coruna.gal/cultura para coñecemento xeral.

O prazo de resolución será como **MÁXIMO DE UN (1) MES**, que se contará a partir do día seguinte a aquel en que remate o prazo de presentación das solicitudes.

7. RECURSOS ECONÓMICOS

O gasto relativo ao Plan incluído na presente convocatoria serán imputado ao crédito orzamentario da aplicación 338/227.99 do orzamento do IMCE do exercicio 2026.

A dotación máxima para o Plan será de 250.000 euros. A contía máxima da contratación con cada entidade será determinada pola Comisión de Valoración, en base ás propostas presentadas e tomando como referencia as peticións recibidas no ano 2024 para este tipo de actuacións, así como as actuacións realizadas.

As actuacións abonaranse tras a súa realización e a presentación da correspondente factura ante o IMCE.

8. OBRIGAS DAS ENTIDADES CONTRATADAS

As entidades contratadas comprométense a:

1. Acreditar ante o IMCE a realización da actividade, así como o cumprimento dos requisitos e condicións que determinen a súa inclusión no Plan de apoio ás entidades musicais locais.
2. Realizar toda a publicidade das actividades nalgunha das dúas linguas oficiais, preferentemente en galego.
3. Facer mención expresa da colaboración do IMCE e do Concello da A Coruña en todos os soportes de comunicación empregados.

SOLICITUDE**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

Denominación	
NIF	
Nº de inscrición no REMAC	
Domicilio social	
Número de conta bancaria	
Nº de componentes da Asociación	
Nº de participantes no espectáculo	
Ano de fundación da entidade	
Tipo de actuación a realizar (agrupación de música tradicional ou coral)	
Actividades de formación musical ou de baile que desenvolva a entidade de xeito habitual (desglosar con detalle: tipo de actividade, datas, número de participantes/alumnado)	
Actividade extraordinaria desenvolva pola entidade no ano 2025 (desglosar con detalle: tipo de actividade, datas, número de participantes/alumnado)	

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE

Nome e apelidos	
NIF	
Cargo na entidade	
Correo electrónico	
Teléfono de contacto	

DATOS RELATIVOS AO ESPECTÁCULO PROPOSTO

Nº de actuacións propostas	
Caché por actuación (IVE incluído)	

DESCRIPCIÓN DO PROXECTO PRESENTADO

--

A Coruña, de de 2026

Asinado,

(representante legal da entidade)